

SESIÓN ORDINARIA DE 9 DE SETEMBRO DE 2.011

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 9 de setembro de dous mil once, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Pardo Lombao, José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela e D. Arcadio Lombao Román, asistidos polo Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

María Begoña Seco Varela incorpórase durante o debate do primeiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- ACTUACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta da seguinte actualización proposta:

“PORCIÓN VIAL Nº 110

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN CELA –CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: CELA

Lindeiros Camiño 1: Norte, finca matriz, Sur e Oeste, camiños Este, parcela 304.

Lindeiros Camiño 2: Norte, e Oeste, camiño, Sur finca matriz e polo Este, parcela 304.

SUPERFICIE Camiño 1: 183m²

SUPERFICIE Camiño 2: 281,81 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 27 de xullo de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade:

- 183m²: tomo 1150, libro 100, folio 174, finca 11095.
- 281,81: tomo 1150, libro 100, folio 176, finca 11096

PORCIÓN VIAL Nº 112

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN ASTARIZ – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: ASTARIZ

Lindeiros: Norte, Benigno López González e Monte Comunal de San Martiño de Caboi; Sur, finca matriz; Este, camiño de Rábade; e Oeste, Benigno López González e Antonio Mouriz López.

SUPERFICIE: 261 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de decembro de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11097, Folio 177, Tomo 1150, Libro 100.

PORCIÓN VIAL Nº 117

SAN MARTIN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN SAN MARTIN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTIN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTIN DE GUILLAR

Lindeiros: Norte coa parcela B; ao Sur con José Espiño López; ao Este con estrada e ao Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 112,00 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11098, folio 178, libro 100, tomo 1150.

PORCIÓN VIAL Nº 119

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur, camiño; Este, José Ferreiros López e Cecilio Blanco Lombao; e Oeste Antonio Barreiro Ferreiro e Antonio López Ferreiro.

SUPERFICIE: 224,80 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 22 de setembro de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca matriz: Finca 10.802, Folio 38, Tomo 1141, Libro 97.

PORCIÓN VIAL Nº 120

FOLGUEIRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FOLGUEIRA – FOLGUEIRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FOLGUEIRA

Núcleo/lugar: FOLGUEIRA

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur, camiño; Este, remata en punta entre camiño e a parcela 2 de Manuel Fompedriña Iglesias e polo Oeste, a parcela 3 Jesus Barreiro López, por onde este terreo ten un peche propio de parede.

SUPERFICIE: 223,71 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 7 de marzo de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11100, Folio 180, Tomo 1150, Libro 100.

PORCIÓN VIAL Nº 122

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FOMPEDRIÑA - CELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: FOMPEDRIÑA

Lindeiros: Norte, coa parcela 31, ao Sur: coa parcela 32,e polo Este coa finca matriz e polo Oeste con camiño.

SUPERFICIE: 252 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de maio de 2.011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 123

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: Norte coa estrada local; Sur coa parcela 72, Este con camiño e ao Oeste finca matriz.

SUPERFICIE: 43,00m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 24 de maio de 2.011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11101, Folio 185, Tomo 1150, Libro 100.

PORCIÓN VIAL Nº 124

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte coa finca matriz ao Sur con camiño público, heredeiros de Antonio Fernández Blanco e Engracia Méndez Vila; ao Este con Milagros Martínez Covas, José Martínez Covas e José Ángel Covas Ferreiro; e ao Oeste con Jesús Mirad Vázquez, , Engracia Méndez Vila, heredeiros de Antonio Fernández Blanco e Jose Manuel Rubinos Román.

SUPERFICIE: 38,98m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de setembro de 2.011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca matriz: Finca 10744, Folio 92, Tomo 1.139, Libro 96.

FINCA URBANA Nº 2

ASIENTO ANULADO por haberse enajenado la finca S31 mediante escritura de compraventa, segregación, permuta y modificación puntual de la reparcelación del parque empresarial de Matela, autorizada por Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de julio de 2010.

FINCA URBANA Nº 5

MATELA

NOMBRE: FINCA SEL31

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Uso público

Prescripción: suelo espacio libre

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: PARQUE EMPRESARIAL MATELA

Linderos: NORTE: finca 3; Sur, calle (vía HGFEDC); Este, finca S-31 y Oeste calle (vía HGFEDC).

SUPERFICIE: 11.354m².

CARGAS: Libre de cargas

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: escritura de compraventa, segregación, permuta y modificación puntual de la reparcelación del parque empresarial de Matela, autorizada por Monserrat Trigo Mayor con fecha de 9 de julio de 2010.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: en trámite de inscripción”.

Incorpórase á sesión dona María Begoña Seco Varela.

O sr. Arcadio pregunta se toda obra orixina deber de cesión, xa que aquí se produce con ocasión dunha rehabilitación.

O sr. Alcalde especifica que únicamente cando se solicita unha licencia de edificación, isto é, de obra maior, e a rehabilitación o é.

O sr. Arcadio pregúntase a qué se debe que se modifique a superficie da cesión de vial en Bonxe.

Ao que resposta o sr. Alcalde que a consecuencia dunha medición de comprobación, que reflexou que a superficie contemplada no proxecto era inferior á real.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- DESAFECTACIÓN E SIMULTÁNEA AFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN SILVARREI

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido do expediente, iniciado por decreto da Alcaldía de data de 6 de maio de 2011, que literalmente decía:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 15 de febreiro de 2011, don Gustavo Escolante Rodríguez, solicitou a aportación de documentación relativa ao cambio de trazado do tramo de camiño comprendido entre o vértice noreste da parcela 410 do polígono 78 ata o vértice suroeste da parcela 429 do mesmo polígono, e sinalado catastralmente como uso “b”, das parcelas 410, 411, 412, 413, 472, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 465, 428 e 429 do polígono 78.

Compróbase o efectivo cambio de trazado do camiño, que agora discurre polo linde oeste das parcelas citadas e con igual anchura.

Polo tanto, procede recoñecer a alteración da calificación xurídica do novo e vello trazado así como a mutación real da propiedade.

E, consecuentemente, acordo:

- *Iniciar expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño comprendido entre o vértice noreste da parcela 410 do polígono 78 ata o vértice suroeste da parcela 429 do mesmo polígono, e sinalado catastralmente como uso “b”, das parcelas 410, 411, 412, 413, 472, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 465, 428 e 429 do polígono 78, de forma tal que se desafecta o tramo descrito e se afecta, simultaneamente, unha porción de igual anchura e que discurre polo linde oeste das mesmas parcelas”.*

O sr. Varela fai notar que o expediente unicamente se refire ao tramo de camiño que discurre polas parcelas citadas, se ben o camiño vai máis alá destas parcelas, polo que non entende porqué o expediente non fai camiño a totalidade do camiño existente e que vai dunha estrada a outra.

O sr. Secretario advirte que é camiño a totalidade do percorrido, xa que se atopa materialmente afectado ao uso público, con independencia de que este expediente afecte xurídicamente unicamente ao tramo sobor o que versa a solicitude do interesado.

O sr. Pardo explica que o camiño existe dende fai anos e que se atopa pavimentado en zahorra e en perfectas condicións, se ben a solicitude do veciño se debe a que anteriormente o camiño cruzaba transversalmente as parcelas, polo que para corrixir esta situación liberando as parcelas se require o acordo expreso de desafectación.

O sr. Arcadio pregunta se os veciños das parcelas do outro lado están dacordo, xa que o camiño pode afectar á súa propiedade.

O sr. Alcalde explica que o camiño discurre pola superficie das parcelas que antes cruzaba transversalmente, tal e como consta no expediente.

O sr. Varela insiste en que se debería afectar a totalidade do camiño, non unicamente o tramo recollido no expediente.

Rematado o debate sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño comprendido entre o vértice noreste da parcela 410 do polígono 78 ata o vértice suroeste da parcela 429 do mesmo polígono, e sinalado catastralmente como uso “b”, das parcelas 410, 411, 412, 413, 472, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 465, 428 e 429 do polígono 78, de forma tal que se desafecta o tramo descrito e se afecta, simultaneamente, unha porción de igual anchura e que discurre polo linde oeste das mesmas parcelas”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dous abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

3.- DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO ENTRE AS PARCELAS 223 E 210 DO POLIGONO 15.

O sr. Alcalde inicia a exposición do expediente de desafectación, iniciado mediante decreto de data de 6 de maio de 2011 e que literamente decía:

“José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoñe:

Con data de rexistro de entrada de 15 de decembro de 2010, don Eugenio Barreiro Martínez solicita a desafectación dun tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 223 e 210 do polígono 15 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Dito tramo de camiño aparece cartografiado no catastro, e nacería na estrada municipal a altura do linde sur da parcela 223, rematando no linde norte da mesma parcela e lindando coa parcela 217. Actualmente non existe como tal, xa que a parcela 217 sírvese polo camiño municipal que chega ata o río.

Non obstante a desafectación material operada pola ocupación, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso, resolvo:

- 1. Iniciar expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 223 e 210 do polígono 15 do termo municipal de Outeiro de Rei.*
- 2. Outorgar un trámite de alegacións de un mes aos interesados”.*

Explica o sr. Pardo que se trata de desafectar o tramo de camiño que aínda subsiste no catastro dun camiño moi antigo que ía ata o río e que él xa non recorda. E que non se desafecta o primeiro tramo: o que discurre entre a parcela 223 e 209, xa que é necesario para dar servizo a casa existente sobor a parcela 210.

O sr. Arcadio pregunta qué tipo de camiño é o que discurre entre a parcela 223 e 209 que se atopa pechado por unha cancela.

O sr. Pardo resposta que esa é unha cuestión allea a este asunto, e que agora estamos a debatir a desafectación.

O sr. Arcadio pregunta se o tramo de camiño desafectado vai quedar para o propietario da parcela 210.

O sr. Pardo afirma que sí, xa que se trata únicamente de explicitar xurídicamente unha situación consolidada dende fai moito tempo.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución.

“Aprobar definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 223 e 210 do polígono 15 do termo municipal de Outeiro de Rei”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dous abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

4.- AFECTACIÓN AO DOMINIO PÚBLICO DE TRAMO DE CAMIÑO EN SANTA MARIÑA

O sr. Alcalde expón o contido da presente proposta, cuxo expediente iniciouse mediante decreto da Alcaldía de data de 13 de maio de 2011, e que literalmente decía:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 8 de abril de 2011, don Jaime Castro Díaz, presentou escrito no que se promove a cesión e afectación ao dominio público viario dun tramo de camiño que coincidiría coa actual parcela 43 do polígono 23 e con 140 m² da parcela 35 do mesmo polígono.

A afectación considérase convinte ao interese público, en tanto permite dotar de acceso público a dous parcelas que actualmente non dispoñen de dito acceso, e que teñen a calificación urbanística de solo de núcleo rural, polo que a existencia do camiño permitiría materializar a edificabilidade de ditas parcelas, ao tempo que permitiría parcelar as parcelas 42 e 45, obtendo unha maior compactación do núcleo e facilitando o lexítimo exercizo do ius edificandi, coa correspondente respercusión no mercado do solo e, a postre, na política de vivenda.

Polo tanto, procede aceptar a iniciativa de afectación así como a mutación real da propiedade.

E, consecuentemente, acordo:

- *Iniciar expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño que coincidiría coa actual parcela 43 do polígono 23 e con 140 m² da parcela 35 do mesmo polígono”.*

O sr. Arcadio considera que este expediente tramítase exclusivamente para favorecer a unha persoa determinada e permitir que edifique nas súas propiedades, sen

que do mesmo xurda un beneficio para o Concello, e descoñece se este trato outorgarase no futuro ou xa se seguiu en casos parecidos.

O sr. Pardo recorda que este camiño afecta a catro parcelas diferentes que, e que o Concello acepta as cesións de novos tramos de camiño porque as considera beneficiosas para o concello. E é certo que recoñecer este tramo como camiño público ten unha serie de implicacións -non sólo permitir a edificación- senón limitacións e retranqueos para o peche das parcelas ou a necesaria tolerancia polos propietarios das parcelas colindantes do libre tránsito polo mesmo de calquer persoa.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución.

“Aprobar definitivamente o expediente de afectación xurídica do tramo de camiño que coincidiría coa actual parcela 43 do polígono 23 e con 140 m2 da parcela 35 do mesmo polígono”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con nove votos a favor e unha abstención, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

5.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

Este asunto non se trata ao constituir una duplicidade na convocatoria do punto 1º da presente orde do día.

6.- MOCIÓNS DO BNG con nº de rexistro de entrada 3071, 3072 e 3073, de 26 de agosto de 2011; MOCIÓN DO PSdG-PSOE con número de rexistro de entrada 3174, de 6 de setembro de 2011.

O sr. Arcadio inicia a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG, con data de 26 de agosto de 2011 e número de rexistro de entrada 3071, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCION SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesen representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordó:

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que

a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, yola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

b) Aprobe unha nova norma pata que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

2. Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galiza.

Outeiro de Rei, 26 de agosto de 2011”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o sr. Varela, quen destaca que os valores anteriores xa eran moi axustados ao mercado, incluso nalgúns casos superiores, e que non entende cómo nun contexto de crise económica onde os prezos están a caer nembargantes as valoracións da Xunta suban.

Tamén destaca que a orde ten eficacia retroactiva para o exercizo 2010, o que lle parece totalmente inapropiado.

Polo tanto non ve inconveniente en apoiar a moción, sempre que incorpore a oposición aos efectos retroactivos previsto na orde.

O sr. Pardo Lombao anuncia a oposición do seu grupo á moción, xa que o que se debería facer sería unificar dunha vez as diferentes valoracións públicas dos bens inmobles, xa que a día de hoxe unha mesma finca ten un valor fixado polo catastro para o cobro do IBI, outro pola Xunta para o imposto de transmisións e sucesións e donacións e outro polos xurados de expropiación. Esta situación é totalmente inadecuada e a solución pasaría por fixar un valor único, axeitado ao mercado e correctamente xestionado e actualizado, e esta misión compételle ao Goberno do Estado.

Por outra banda, o que teñen que pagar os cidadanos non depende do valor do inmovible, que se presupón legalmente que ten que ser o valor de mercado, senón do tipo impositivo, é dicir, do porcentaxe dese valor sobre o que se calcula a cuota tributaria.

O polo que atinxe á retroactividade, esta débese a imposición polo Goberno do Estado á CCAA de Galicia de devolver parte das cantidades asignadas como participación nos tributos do Estado como consecuencia do pésimo cálculo feito polo Goberno Zapatero.

E a devolución destes cartos –que gastou o bipartito- obriga agora a incrementar a recadación e recortar gastos.

O sr. Arcadio advirte que esta valoración non é unha valoración de mercado, xa que os prezos de mercado están a caer dende fai tempo e, nembargantes, esta orde os incrementa, e pon como exemplo unha finca en Outeiro de Rei, que coa anterior valoración valía 60.000 euros, agora se taxa en 150.000, o que fai unha idea do incremento da presión fiscal que implica esta orde.

O sr. Varela insiste no feito de que as valoracións soben cando os prezos baixan, e destaca que na valoración contida na orde non se respeta nos criterios de valoración previstos na Lei 8/2007, hoxe TRLS 2008, e que no solo rústico débese facer por capitalización da renda real ou potencial, e non polo valor comparativo de mercado.

O sr. Pardo Lombao afirma que a situación de penuria económica que trouxo a esquerda a este país afecta lóxicamente as arcas públicas, e que si se quere que se sigan a prestar os servizos públicos básicos ás Administracións non teñen outra opción que incrementar a recadación.

E esta situación calamitosa a creo o Goberno central, que afirmando defender ás clases máis desfavorecidas perxudicou, fundamentalmente, as clases máis

desfavorecidas, orixinando un paro insostible e reducindo gravísimamente a capacidade adquisitiva das clases medias... etc.

Agora non queda máis remedio que saír desta desfeita, o que esixe rigor orzamentario e fomentar a actividade económica.

E volta a recordar a situación de inseguridade xurídica que existe hoxe en día coa valoración fiscal dos bens, que varía en función do catastro, do imposto de sucesión, da expropiación forzosa e de mercado. Debería existir un único valor.

En calquer caso, o que pagan os cidadáns non depende do valor do ben, senón do tipo de gravamen, é dicir, de cómo se calcula a cuota tributaria.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación a moción resulta rexeitada con oito votos en contra e dous votos a favor.

O sr. Arcadio inicia a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG, con data de 26 de agosto de 2011 e número de rexistro de entrada 3072, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA O CONTROL DAS ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comisións que as entidades financeiras repercuten aos usuarios e usuarias experimentaron unha subida significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias sequen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notábel crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflicten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano), con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros.

Tamén coincide esta subida coa restrición no acceso ao crédito para a maioría de persoas, de dificultades para obter financiamento tanto por parte de empresas, emprendedores como particulares.

A subida das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro, que deberían estar exentas, convértense en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios.

A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias i{egais, confırentes un interese público e social que e obrigan a que as institucións competentes, tanto o Goberno Central, que exerce a supervisión de todo o sector financeiro, como a Xunta de Galiza, á que lte corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro, encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:

1. Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se manteña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.

2. Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, estableecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.

3. Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.

4. Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se manteña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e a obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir na dita práctica.

Outeiro de Rei, 26 de agosto de 2011”

O sr. Varela informa que, respecto do control das entidades financeiras, o Goberno do Estado presentou fai pouco unha enmenda a unha proposición de lei no que se solicita que o Banco de España presente un estudo sobor o grado de transparencia das entidades financeiras no que atinxe a información que aportan aos usuarios sobor as tarifas polos servizos bancarios, incluíndo as actuacións por préstamos hipotecarios, préstamos ao consumo e outros servizos.

Agora ben, unha cousa é que estemos a favor da protección dos consumidores e usuarios mediante a regulación das tarifas por servizos financeiros e outra que o Estado poida fixas estas tarifas nunha economía de mercado.

E polo que atinxe ao cobro abusivo, o que se pode facer é pedir que se faga un estudo, xa que é moi difícil establecer un umbral con carácter xeral, se ben discute que sexa un tema municipal precisamente.

O sr. Pardo Lombao está disposto a apoiar a moción sempre que se cambie o encabezado do acordo, xa que este prevé “*instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:.....*”, o que é totalmente innecesario, xa que

quen ten a competencia é o Goberno do Estado, polo que o seu grupo apoiaría a moción se queda a seguinte redacción: *“instar ao Goberno do Estado a:”*.

Dubida que sexa fácil fixar o umbral das comisión abusivas, e tamén dubida que porque uns poucos concellos remitan a moción o Goberno do Estado vaia facer algo, pero o que sí é certo é que hai comisións abusivas e que o Goberno no se pode quedar de brazos cruzados e debe tomar medidas de inmediato.

O sr. Arcadio afirma que abusivo é cobrar, por un descuberto de 0,30 euros, 30 euros coma comisión, e insiste na existencia, dende fai anos, destas prácticas abusivas que afectan, sobre todo, ás rendas polo traballo, sen que ninguén lles poña coto.

O sr. Varela cree que existe unha contradición na redacción inicial da moción e na redacción definitiva sobor a que chegaron a acordo, xa que na exposición de motivos se fai referencia á responsabilidade da Xunta no control das Caixas de Aforro, mentres que únicamente se acorda instar ao Goberno do Estado, eludindo toda referencia á Xunta de Galicia.

O sr. Pardo considera razoable a moción, e se ben o Partido Popular non é precisamente quen, desde as súas responsabilidades públicas está financiando con cartos públicos ao bancos nin se reúne con eles, sí que cree que as entidades financeiras son entidades privadas que teñen que gañar cartos nunha economía de mercado, eso sí; con uns límites consistentes en que non se coloquen nunha posición abusiva cos clientes.

Cree que sería de sentido común establecer unhas tarifas máximas que os bancos, no xogo da libre competencia, poidan baixar, para evitar casos como os que alude o sr. Arcadio que, por un descuberto de 0,30 cobren 30 euros de comisión, ou aínda 3 euros.

E recorda que en Galicia non quedarán Caixas de Aforro por unha decisión do Goberno Central, que decidiu poñer en venda unha institución social de tanta tradición e importancia económica.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita coa corrección acordada entre os grupos municipais do BNG e Partido Popular, e segundo a cal onde día *“instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:”*, debe dicir: *“instar ao Goberno do Estado a:”*.

Realizada a votación a moción resulta aprobada con dez votos a favor.

O sr. Arcadio inicia a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG con data de rexistro 26 de agosto de 2011 e número 3073, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DO PROGRAMA PRESCOLAR NA CASA

Exposición de Motivos:

"Preescolar na Casa", é un programa de educación que se ven desenvolvendo dende o ano 1977 e do que se beneficiaron e se benefician moitas familias desta provincia. Na actualidade son roáis de 1200 as familias da provincia de Lugo que participan no programa, das cerca de 4000 en toda Galicia

A Fundación Preescolar na Casa desenvolve Espazos Educativos centrados na orientación ás familias, coa misión de difundir una cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar. Acompáñase ás familias na aventura de crecer e no desafío de educar.

Este é un programa vivo porque medra día a día coa achega dos nenos e nenas, das familias e dos profesionais. Apréndense recursos da vida e permite gozar da crianza das fillas e fillos ao tempo que se educan.

Como dixo a Presidenta de Preescolar na Casa na memoria do curso pasado: "Estamos a vivir momentos de incerteza que nos poden levar a dubidar do que ata agora tivo valor. Nestes contextos de incerteza hai aspectos que non deberían modificarse pola incidencia que teñen para saír desta crise con éxito: a infancia, e educación e, como non, a familia que soporta o peso do cambio ... Precisamente nestes tempos de crise temos que entender que a educación, os servizos educativos non son un gasto. Todo o contrario, son a mellor inversión que se pode facer de cara ao futuro".

Estas palabras constatan algo que seguro todas e todos compartimos, a importancia da educación e da familia na educación_ Por iso non se entende que a Xunta de Galiza vaia diminuír --en 300.000 euros- a achega pública a este proxecto pondo en serio perigo, deste xeito, a súa continuidade. Esta redución obriga á Fundación Preescolar na Casa a realizar un ERE que afectará á totalidade do seu cadro de persoal —dos 43 profesionais, 20 terán suspensión do contrato sen traballo, 19 a media xornada e 4 a tempo total, e a reducir o número de familias que poidan participar do programa á metade, máis de 2000. Familias que asuraron un ~esto de Apoio a Preescolar na Casa e que xa se teñen concentrado diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galiza en Lugo para defender este proxecto.

Preescolar na Casa traballa en 12 áreas -6 na zona Lugo Norte e 6 na zona Lugo Sur- atende á practica totalidade dos concellos da provincia. É, polo tanto, un programa que incide fundamentalmente no medio rural, por isto é máis grave e incomprendible a decisión da Xunta de Galiza. Educar no rural é poñer en valor o rural. Educar a un neno ou nena do rural é ofrecerlle a posibilidade de descubrir por si mesmos e dunha forma significativa o mundo físico, natural e social que representa, é darlle a posibilidade de coñecer as oportunidades e riquezas de vivir nas zonas rurais. En definitiva é axudar a manter vivo, a asentar poboación no medio rural galego.

Preescolar na Casa é, ademais, un programa recoñecido e posto de exemplo en toda Europa como se demostrou coa súa invitación a participar na Conferencia Europea celebrada en Praga, sobre boas prácticas en relación co cambio demográfico, co despoboamento, envellecemento e transformación do medio rural.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG, reclama do pleno deste concello un apoio claro e decidido a favor de manter o Programa de Preescolar na Casa con toda a súa potencialidade. Un apoio que falta recapacitar á Consellería de Educación da súa intención de mutilar un proxecto que ten acadado todos os seus obxectivos: a socialización de nenas e nenos moi pequenos -de cero a tres anos-, os vínculos e a boa harmonía entre as familias participantes ou o recorrido con este alumnado para facilitarlle o acceso á educación formal.

Recentemente, o Pleno da Reputación de Lugo, a instancias do Grupo de Goberno (BNG-PSOE), aprobou por unanimidade unha moción neste mesmo sentido.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Esixir á Xunta de Galicia e á Conseeieria de Educación a manter as axudas a Preescolar na Casa para salvagardar a súa continuidade, cando menos, no nivel actual e así favorecer o mantemento da poboación rural, garantindo a mellora das condicións de vida dos seus habitantes e dignificando o vivir no rural".

Outeiro de Rei, 26 de agosto de 2011"

Rematada a defensa da moción polo sr. Arcadio, o sr. Varela toma a palabra e recorda que o programa Preescolar na Casa foi concebido por un lucense; Antonio Gandoi, e que cumpriu e está a cumprir a súa misión, polo que o seu grupo está a favor de que se conserve este programa.

Ao sr. Pardo Lombao chámalle a atención que ao BNG e PSOE enchen a boca de primar á educación pública sobor a privada e por exemplo, neste caso, instan a subvencionar un programa que presta unha institución privada.

Afirma que o programa de Preescolar na Casa parécelle ben, pero a difícilísima situación a que nos levou o Goberno do Estado esixe axustar os orzamentos públicos, xa que onde non hai, non hai, e non recoñecer isto é totalmente irresponsable.

E esta situación esixe recortes orzamentarios, e estos recortes non implican necesariamente recortar calidade do servizo, senón incrementar a súa eficiencia e optimizar o gasto.

O sr. Arcadio considera que o Goberno do PP na Xunta de Galicia aínda non comenzou a gobernar, e iso que levan máis de dous anos, xa que o único que fixeron dende entón foi recortes drásticos en educación e sanidade.

Afirma que a Xunta de Galicia intentou prestar directamente un servizo semellante a Preescolar na Casa e fracasou, o que dá unha idea do valor deste programa. E por 300.000 euros, que é unha cantidade moi asimilable para a Xunta, non se debería perder esta importante iniciativa.

O sr. Varela expón que no informe anual do Valedor do Pobo faise referencia á perda de calidade na educación e sanidade como consecuencia dos recortes

orzamentarios, e plantexa que, de non financiarse con tres millóns de euros a visita do Papa podería seguir a prestarse o servizo de preescolar na casa entre outros.

Así que problema non é de recursos, senón da súa asignación.

O sr. Pardo recorda que a situación á que chegamos débese á nefasta xestión económica tanto do PSOE coma do BNG, no Goberno do Estado e no anterior bipartito, e pola que agora non só as Administracións ingresan menos, senón que teñen que devolver o que despilfarrou o bipartito.

E recórdalle ao BNG que é corresponsable co PSOE do que está a pasar, xa que apoiou a Zapatero na investidura e segue a dar o seu apoio ao PSOE a día de hoxe, e non hai máis que ver qué pasa no Concello de Lugo ou na Deputación, nos que está a gobernar o PSOE pese a perder as eleccións grazas ao apoio do BNG.

E recórdalle que foron eles quen, coa súa xestión, puxeron en risco o poder pagar aos profesores, aos médicos, as menciñas...., e agora alármanse de que se teñan que facer axustes.

E isa é a súa política; decir que defenden aos traballadores e clases baixas e, a hora da verdade, son quen as perxudican e castigan, creando un paro insostible e empobrecendo ao país.

Pero os cidadáns xa manifestaron a súa vontade, e decidiron sacar do goberno aos partidos políticos que predicán esa dobre moral, encomendando o goberno a un partido realista coma o Partido Popular.

E isto é o que están a facer, gobernando nesta difícil situación que esixe prescindir do superfluo e priorizar o gasto.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación a moción resulta rexeitada con oito votos en contra e dous votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSOE.

7.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

O sr. Alcalde reconvirte en rogo o escrito de moción presentado polo grupo municipal socialista con data de 6 de setembro de 2011 e número de rexistro 3174, dado que, ao referirse a un asunto de competencia da Alcaldía, debe ser tratado como tal, de conformidade co previsto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura a dito rogo:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

Segundo o disposto no artigo 79 da vixente Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os Grupos Políticos que compoñen a Corporación Municipal teñen dereito a dispoñer dun despacho ou local," para xuntarse de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns ".

Tendo en conta que esta posibilidade é perfectamente factible debido a cantidade de dependencias e locais que dispón o Concello

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que se acorde a asignación dun despacho ou local aos Grupos Municipais do Concello de Outeiro de Rei que así o soliciten.

En Outeiro de Rei a 22 de agosto do 2011”

O sr. Alcalde explica que, debido á situación económica que se está a vivir o Concello non pode incrementar os seus gastos, pero que, non obstante, se os grupos da oposición queren reunirse cos veciños poden solicitar sen problema a posta a disposición dun local.

A continuación, e a instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal socialista con data de rexistro de entrada de 8 de setembro de 2011 e número 3208, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación c punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Visto o retraso co que leva o Concello, para a realización das Actas da Comisión do Goberno, Pode explicar o Sr. Alcalde que problemas ten o Concello para non cumprir os prazos esixidos ?.

2.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde que problemas hai coa falta de presión da auga no Concello? ¿ pode explicar si hai fugas e onde? ¿ podería explicar como pensa solucionar a cantidade de area que ven na auga da traida?

3.- *¿Pode explicar a que é debido que haxa retrasos nas licencias de actividad nalgunhos casos de hai mais de catro anos ?*

En Outeiro de. Rei a 7 agosto de 2011

O sr. Alcalde explica que o retraso se debe, en gran parte, ao período vacacional, se ben informa que a meirande parte das actas están xa mecanografiadas e impresas e que en breve se entregarán á oposición copia das mesmas.

Asemade, resposta que descoñece a existencia de problemas de presión na rede de auga, salvo os casos puntuais de avería na traída e ata a súa reparación. Temén solicita a colaboración cidadana para localizar e avisar da existencia de averías, xa que non se pode esquecer que dispoñemos dunha rede moi extensa que chega a todo o municipio, polo que as veces non é doado localizar a avería.

E no tocante a area, descarta a existencia dun problema nese sentido máis aló das ocasións puntuais originados pola reparación da rede municipal e na que pode colarse algo de area na tubería.

Acto seguido, a instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 9 de setembro de 2011 e número 1595, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No último semestre do pasado ano, a Deputación de Lugo, coa finalidade da creación de emprego, pon a andar un programa (Lugo emprega), por medio do cal, seleccionanse unha serie de traballadores, que son enviados por un tempo determinado a concellos da provincia de Lugo, entre os que se encontra Outeiro de Rei.

PREGUNTAS:

1. O salario dos traballadores que se destinaron o Concello de Outeiro de Rei, foi distinto o dos de outros concellos (Castro de Rei, Friol, Begonte, etc.)?

2. No caso de que así sexa, por qué motivo?

Outeiro de Rei, 09 de Setembro 2011”

O sr. Alcalde resposta que coñece o que paga este concello, pero descoñece o que pagan os outros concellos.

O que paga o Concello de Outeiro de Rei a os traballadores do plan Lugo Emprega é o mesmo que o que paga aos restantes traballadores do Concello, xa que non sería aceptable pagar de forma distinta o mesmo traballo, xa que a igual traballo, igual salario.

Como consecuencia de axeitar os salarios dos traballadores do plan Lugo Emprega ao salario dos restantes traballadores do Concello, solicitouse no seu momento á Deputación Provincial poder adicar o remanente de crédito a ampliar a vixencia dos contratos, sen que a Deputación aceptase.

Solicita ao sr. Secretario a lectura das solicitudes cursadas polo concello á Deputación e da contestación desta última:

Escrito remitido dende a Alcaldía á Deputación Provincial de Lugo con data de rexistro de saída de 28 de abril de 2011:

“ASUNTO: Plan Lugo Emprega

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e ante a falla de resposta do escrito remitido con data de 28 de febreiro de 2011

Reitero:

O Concello de Outeiro de Rei asinou coa Deputación Provincial de Lugo o convenio de adhesión ao Plan Lugo Emprega.

Dito convenio prevé unha contía económica que excede do custe laboral do personal a contratar nas mesmas condicións laborais que o restante personal laboral municipal de categoría equivalente.

Obvia explicar a imposibilidade legal de dotar con soldos diferentes aos mesmos cometidos, polo que, a resultas da execución do convenio asinado producirase un remanente de financiación.

Coa finalidade de afondar no único obxectivo desde Plan Lugo Emprega, dito remanente de financiación debería poder adicar á prórroga da vixencia dos contratos así perfeccionados.

Deste xeito mellorariáanse os obxectivos iniciais de fomento do emprego sen custe adicional.

Con tal fin, SOLICITO á Deputación Provincial de Lugo a autorización expresa para poder adicar o remante de financiación derivado da diferenza entre os custes salariais reais e os resultantes da aplicación das condicións laborais deste Concello, á prórroga da vixencia dos contratos laborais perfeccionados ao amparo do Plan Lugo Emprega.

En Outeiro de Rei, a 28 de abril de 2011”

Resposta da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo con data de rexistro de entrada de 6 de maio de 2011:

“En relación co escrito relativo ao Plan Lugo Emprega remitido polo Concello de Outeiro de Rei o 28 de abril de 2011 e recibido no Rexistro Xeral da Deputación Provincial o día 2 de maio, no que se solicita autorización expresa para poder adicar o remante de financiación derivado da diferenza entre os custes salariais reais e os resultantes da aplicación das condicións laborais deste Concello, á prórroga da vixencia dos contratos laborais perfeccionados ao amparo do Plan Lugo Emprega.

De ordo do Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, comunícolle esta circunstancia non está prevista no convenio e, polo tanto, no procede a súa autorización”:

Escrito remitido dende a Alcaldía á Deputación Provincial de Lugo con data de rexistro de saída de 29 de xullo de 2011:

“ASUNTO: Plan Lugo Emprega

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O Concello de Outeiro de Rei asinou coa Deputación Provincial de Lugo o convenio de adhesión ao Plan Lugo Emprega.

Da execución do convenio resulta un remanente derivado da adecuación dos salarios dos traballadores beneficiarios do convenio aos salarios dos restantes traballadores municipais, así coma a redución de xornada solicitada por unha das traballadoras contratadas.

Coa finalidade de afondar no único obxectivo desde Plan Lugo Emprega, o Concello de Outeiro de Rei, con data de 28 de abril de 2011, solicitou a apricación de dito remanente de financiación a prorrogar a vixencia dos contratos así perfeccionados.

Deste xeito melloraríanse os obxetivos iniciais de fomento do emprego sen custe adicional.

Ante esta solicitude o sr. Presidente da Deputación Provincial rexeitou esta proposta co argumento de que tal previsión non se atopaba prevista no convenio asinado no seu día nin na modificación posterior do mesmo.

Non obstante, este Concello está disposto a asistir técnicaamente á Deputación Provincial de Lugo, mediante a asunción da complicada tarefa de redactar unha segunda modificación do convenio de colaboración PLAN LUGO EMPREGA, para o cal non escatimará o emprego dos escasos medios e capacidades das que dispón (e que

seguramente levaron a Deputación a asumir a extraordinaria tarefa de selección do personal incluído no convenio).

Con tal fin, SOLICITO á Deputación Provincial de Lugo a autorización expresa para propor un texto de modificación do convenio, e poder adicar o remante de financiación derivado da diferenza entre os custes salariais reais e os resultantes da aplicación das condicións laborais deste Concello, á prórroga da vixencia dos contratos laborais perfeccionados ao amparo do Plan Lugo Emprega.

En Outeiro de Rei, a 28 de xullo de 2011”

O alcalde informa que, rematado o prazo de vixencia do convenio a día 30 de agosto de 2011, a Deputación non contestou.

E non habendo máis asuntos a tratar e sendo ás quince horas, levántase a sesión, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde